



Expediente: 6A3/2018/9

ACTA REUNIÓN CONSTITUTIVA DO XURADO DO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A DEFINIÇÃO DE ESTRATEXIAS DE TRANSFORMACIÓN DO BORDO LITORAL DA CIDADE DA CORUÑA, DENDE O DIQUE DE ABRIGO ATÉ A PRAIA DE OZA

No Salón Dourado do Pazo Municipal de María Pita, ás 17:14 horas do día 22 de novembro do 2018, reúnense os membros do Xurado que se dirán, ao fin de constituír formalmente o xurado do concurso de ideas con intervención de xurado para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de Abrigo até a praia de Oza.

Presidente:

Xulio X. Ferreiro Baamonde, Sr. Alcalde do Concello da Coruña

Vogais:

- D. Juan Novoa Gómez, en representación da Autoridade Portuaria da Coruña
- D. Juan Carlos Barreiro González, Xefe Territorial da Consellería do Mar na Coruña, representante da Xunta de Galicia
- D. Álvaro Mora Paulete, Xefe da Área de Orzamentos, en representación da Presidenta de Puertos del Estado.
- D. Antonio Maroño Cal, representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)
- D. Roberto Costas Pérez, representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)
- D^a Lorena Solana Barjacobá, representante do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (CICCPGalicia)
- D^a Carlota Pita Pita, representante do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (CICCPGalicia)
- D. Xiao Varela Gómez, Tenente de alcalde da Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible
- D^a Rosa María Gallego Neira, Representante do grupo municipal do Partido Popular
- D. José Manuel Dapena Varela, Representante do grupo municipal do Partido Socialista Obreiro Español
- D^a. Avia Veira González, Representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego
- D^a. Isabel Aguirre de Urcola, Directora da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega
- D. Fernando Agrasar Quiroga, Representante da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña



D. Manuel Casteleiro Maldonado, Representante da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña
D. Jorge Cao Abad, Director da Área de Espazo Público e Mobilidade
D. Fernando Santiago Martínez López, Xefe do Servizo de Infraestruturas
D. Alberto Vázquez Aguilar, Xefe do Servizo de Edificación
D. Óscar Luís Peña Sánchez, Xefe do Departamento de Planeamento
D^a. Beatriz Moar Ulloa, Xefa da Oficina técnica de Licenzas
D. Xosé Lois Martínez Suárez, Profesional de recoñecido prestixio
D. Carlos Nardiz Ortiz, Profesional de recoñecido prestixio

Secretario

Miguel Iglesias Martínez, Oficial maior do Concello da Coruña.

O Sr. Alcalde, como Presidente do Xurado dá a benvinda a todos os presentes e agradece a súa asistencia.

O Sr. presidente dá conta de que D. Javier Losada de Azpiazu, Delegado do Goberno en Galicia, aceptou formar parte do xurado mais escusou a súa asistencia a esta sesión constitutiva por motivos de axenda. Do mesmo xeito informa de que, D. Enrique Peña González, aceptou tamén formar parte do xurado mais escusou a súa asistencia a esta sesión constitutiva por motivos de axenda en tanto que foi nomeado esta mesma semana.

A presente reunión convocouse cos seguintes puntos na orde do día:

1º.- Constitución formal do xurado do concurso de ideas con intervención de xurado para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de abrigo até a praia de oza,

O sr. presidente do xurado dá conta de que trala designación individualizada dos membros do xurado segundo a base 9.1, o xurado cumpre cos requisitos sinalados no artigo 187.3 da LCSP en canto 16 membros dos 24 que o compoñen, posúen a cualificación profesional específica requirida aos participantes.

De conformidade coa base 9.2.2 das bases que rexen o concurso e co artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, á vista da presenza dos vogais do xurado sinalados, queda validamente constituído, ao estar presentes á maioría absoluta dos membros que compoñen o xurado segundo o previsto na base 9.2.1 das bases que rexen o concurso.

2º.- Normas de desenvolvemento dos traballo, de delegación e de funcionamento do xurado



O sr. Presidente da a palabra ao vogal D. Xiao Varela Gómez, quen se suma aos agradecementos pola asistencia e propón, á vista das propostas presentadas, o seguinte **calendario de desenvolvemento dos traballos**:

- 23 novembro envío propostas a membros do Xurado
- 30 de novembro de 2018 de 17:00 a 20:00 horas: As propostas estarán expostas en formato A1 nun Salón do primeiro andar do Pazo de María Pita e o xurado procederá de conformidade coa base 10ª.2 á primeira e segunda rolda do procedemento, de tal xeito que en primeira rolda cada membro do xurado elixirá un máximo de 10 propostas, quedando descartadas as que non obtiveran ningún apoio. A continuación cada membro do xurado dará o seu apoio a 5 propostas das que superaran a primeira rolda, pasando á terceira rolda todas as que reciban algún apoio (á terse en conta que a base 10.2 sinala que pasarán as 20 que reciban máis apoios, polo que ao non dispor de 20 propostas, pasarán todas as que teñan algún apoio).
- 11 decembro de 2018 de 17:30 a 20:00 horas: Manteranse expostas as propostas que teñan acadado esta terceira rolda nun Salón do primeiro andar do Pazo de María Pita, procedendo o xurado á puntuación de 5 propostas por membro do xurado, seleccionando ás 5 con maior puntuación.

En relación co calendario D. Antonio Maroño Cal informa que o vindeiro 30 de novembro é a Asamblea anual de Colexios de Arquitectos e non podería asistir, propoñendo que o día 30 de novembro se faga unha primeira toma de contacto e a seguinte semana convocar a votación.

Explica o sr. Alcalde que a continuación proporanse unhas normas de delegación que permitan aos vogais delegar a súa asistencia, tendo previsto mesmo o susposto de asistencia a distancia no caso en que fora imprescindible, ao que o sr. Maroño Cal amosa a súa conformidade.

Os membros presentes do xurado por unanimidade acordan o calendario proposto.

Así mesmo, o sr. Presidente manifesta que á vista das bases que rexen o concurso e do número de vogais faise preciso establecer unhas **normas mínimas de delegación** ao fin de garantir o bo funcionamento dos traballos do xurado, dando a palabra ao secretario do Xurado quen expón a seguinte proposta:

- Todos os membros do xurado designados en representación dunha entidade poderán delegar noutra persoa, sendo obrigado que, no caso de vogais con cualificación profesional específica, unicamente poderán delegar nunha persoa coa mesma cualificación ao fin de manter a composición prevista no arti 187.3 da LCSP.

Enténdese que representan a unha entidade todos os vogais agás aqueles nomeados polo seu recoñecido prestixio ou as persoas funcionarias do Concello da Coruña



nomeadas por razón dos cargos que desenvolven, polo que este últimos non poderán delegar.

- A este fin, deberán comunicar a delegación ao secretario do xurado con anterioridade ao inicio da sesión correspondente por correo electrónico no enderezo concursoideasporto@coruna.es ou mi.martinez@coruna.es

Os membros presentes do xurado por unanimidade acordan o sistema de delegación proposto.

3º.- Admisión e inadmisión de propostas.

O secretario do Xurado explica que o pasado 8 de novembro de 2018 rematou o prazo de presentación de propostas para o CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A DEFINIÇÃO DE ESTRATEXIAS DE TRANSFORMACIÓN DO BORDO LITORAL DA CIDADE DA CORUÑA, DENDE O DIQUE DE ABRIGO ATÉ A PRAIA DE OZA.

Segundo dilixencias estendidas polo Rexistro Xeral de María Pita e os correos electrónicos recibidos en concursoideasporto@coruna.es, as propostas presentadas, segundo consta acreditado no expediente, son as seguintes:

Nº ORDE	LEMA	Nº REXISTRO	DATA/HORA REXISTRO	PRESENTACIÓN CORREOS/MAIL
1	“Ciudad Puerto”	38584	07/11/2018 12:07:52	-----
2	“Porto Metropolitano”.	38624	07/11/2018 13:56:55	-----
3	“Redeirás”	38753	08/11/2018 10:19:31	-----
4	“Port@ Artabr@”	38773	08/11/2018 10:59:29	-----
5	“Amodiño”	38786	08/11/2018 11:27:55	-----
6	“Growing Together”	38793	08/11/2018 11:44:13	-----
7	“Agora Mar”	38803	08/11/2018 12:25:40	-----
8	“Nosfios”	38804	08/11/2018 12:30:14	-----
9	“Acoruneno”	38818	08/11/2018 13:09:29	-----
10	“Porsuporto”	38820	08/11/2018 13:15:12	-----
11	“1208/2018”	38826	08/11/2018 13:23:35	-----
12	“Barrio 12”	38827	08/11/2018 13:25:07	-----
13	“Ballestrinque”	38950	09/11/2018 11:14:31	08/11/2018 12:44:31



				08/11/2018 13:15
14	"Sou"	38952	09/11/2018 11:17:14	08/11/2018 13:14
				08/11/2018 12:29
15	"Follaxe"	38953	09/11/2018 11:17:54	08/11/2018 10:49
				08/11/2018 01:29
16	Sen Lema/ "Pentagrama" (identificado no correo electrónico)	38954	09/11/2018 11:18:18	08/11/2018 13:21:32
				08/11/2018 13:28
17	Sen Lema/ "Futuros posibles" (identificado no correo electrónico)	39004	09/11/2018 13:50:12	08/11/2018 13:18
				08/11/2018 13:30
18	"Porto Aberto"		12/11/2018	08/11/2018 ?????
				09/11/2018 14:54

De conformidade coa cláusula 14ª o prazo para presentar as propostas foi de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no do concurso no perfil do contratante (publicada o 8 de agosto de 2018), polo que o antedito prazo concluiu ás 13:30 horas do día 8 de novembro de 2018.

Todas as propostas cumpren co requisito establecido na cláusula 14.3 de ter garantido o anonimato na presentación/envío do traballo, consignando unicamente no embalaxe ou sobre o lema correspondente; de tal xeito que non aparece dato algún que permita identificar á persoa que presenta ou envía a documentación.

Todos os traballos foron recibidos por esta secretaría do xurado antes de transcorrer dez días naturais dende a data límite de recepción das propostas.

Incidencias destacables a resolver polo xurado:

Proposicións nº 16 e 17. Presentan paquete embalaxe sen identificación do lema, mais o lema está nos correos electrónicos remitidos co aviso de presentación en Correos. Comprobada a numeración mediante o código do paquete asignado por Correos e o que consta no mail, o xurado por unanimidade procede a entendelas admitidas a condición de que figure o mesmo lema no interior de conformidade coas bases.

Proposición nº 18. Lema: "Porto Aberto". Consta presentado en Correos o 8 de novembro sen especificar hora. Presentou correo electrónico xustificativo de data e hora de presentación (base 14.3) o día 9 de novembro. A hora de presentación consta manuscrita ás 13:05 no xustificante de presentación remitido por correo electrónico. Na aplicación de



Correos aparece como hora de imposición as 18:53 horas. Solicitada información a Correos remiten resguardo de admisión anonimizado no que se constata que a hora de presentación son as 18:53:48 horas.

O xurado por unanimidade procede a entendela inadmitida (causa exclusión 14.7 d) das bases que rexen o concurso) quedando pechada a proposición baixo a custodia do secretario do xurado.

Polo secretario do xurado procédese á apertura dos sobres-paquete que inclúen os CD-ROM ou DVD que inclúen a documentación esixida aos participantes na base 14.6 das que rexen o concurso.

Trala apertura das propostas obsérvase que nalgunhas delas os paneis teñen un tamaño superior aos 3 megabytes (3 Mb) iniciando neste momento un debate no seo do xurado acerca da procedencia de admitir ou excluír esas propostas segundo se entenda que a mención na base 14.6.1.3 de “*para os efectos da súa subida á plataforma web municipal, cada un dos paneis poderá ter un tamaño máximo de tres megabytes (3 Mb)*” forma parte dos requisitos e polo tanto causa de exclusión á vista da base 14.7 b), ou polo contrario é unha cuestión accesoria á calidade dos proxectos, entendida coma un condicionamento posterior que non determina a exclusión da proposta. Unha parte do xurado mantén que é unha causa de exclusión o mesmo que o foi para a proposta 18 presentala fora de prazo segundo a base 14.7 d), defendendo outros vogais a postura de excluír individualmente aqueles paneis que incumpren o tamaño pero non toda proposta, tendo en conta que os tres paneis é un número máximo segundo a base 14.6.1.3. Tamén se propón que aquelas que teñan un mínimo exceso dentro dos 3 Mb puideran ser admitidas.

O detalle do contido das propostas é o seguinte:

Nº ORDE	LEMA	MEMORIA	PANEL 1	PANEL 2	PANEL 3	RESUMO EXECUTIVO
1	“Ciudad Puerto”	27 Páxinas	2775 kb	2358 kb	2776 kb	-3000 caracteres
2	“Porto Metropolitano”.	40 Páxinas	2430 kb	2747 kb	2088 kb	-3000 caracteres
3	“Redeiras”	12 Páxinas	3172 kb	1366 kb	1996 kb	-3000 caracteres
4	Port@ Artabr@	18 Páxinas	21180 kb	11227 kb	50479 kb	-3000 caracteres
5	“Amodiño”	40 Páxinas	13788 kb	20367 kb	28995 kb	-3000 caracteres
6	“Growing Together”	27 Páxinas	2730 kb	1008 kb	2562 kb	-3000 caracteres
7	“Agora Mar”	26 Páxinas	2950 kb	2193 kb	2145 kb	14947 caracts.
8	“Nosfíos”	24 Páxinas	3082 kb	2619 kb	1932 kb	-3000 caracteres
9	“Acoruneno”	5 Páxinas	3890 kb	2609 kb	Non presenta	Non presenta
10	“Porsuporto”	25 Páxinas	3068 kb	3209 kb	3011 kb	-3000 caracteres
11	“1208/2018”	18 Páxinas	684 kb	2064 kb	2454 kb	-3000 caracteres
12	“Barrio 12”	12 Páxinas	2945 kb	Non presenta	Non presenta	-3000 caracteres
13	“Ballestrinque”	34 Páxinas	4597 kb	4307 kb	4167 kb	-3000 caracteres



14	“Sou”	17 Páxinas	2597 kb	2688 kb	Non presenta	-3000 caracteres
15	“Follaxe”	16 Páxinas	6326 kb	16866 kb	24394 kb	-3000 caracteres
16	Sen Lema/ ”Pentagrama” (identificado no correo electrónico)	34 Páxinas	12060 kb	8182 kb	Non presenta	-3000 caracteres
17	Sen Lema/ ”Futuros posibles” (identificado no correo electrónico)	40 Páxinas	6557 kb	7602 kb	10352 kb	-3000 caracteres

Sendo as 19:56 horas D. Álvaro Mora Paulete abandona a reunión ao ter previsto o regreso a Madrid hoxe mesmo.

O sr. Presidente, tras longo debate e comprobación de todos os arquivos e posibles causas de exclusión, manifesta que semella presentar moitas dúbidas a algúns membros do xurado, a mención *“para os efectos das súa subida á plataforma...”* polo que propón unha votación clara ao respecto.

A este fin, somete a votación dos membros do xurado a **inadmisión** das seguintes propostas:

1.- “Agora Mar” e “Acoruneno”: O resumo executivo no primeiro caso excede dos 3000 caracteres que como máximo prevé a base 14.6.1.2. e no segundo caso non se presenta resumo executivo.

O xurado coa **abstención** dos vogais de recoñecido prestixio D. Xosé Lois Martínez Suárez e D. Carlos Nardiz Ortiz (**2**), e co voto **a favor** dos demais membros do xurado presentes (**19**), **acorda excluir** as propostas por achegar a documentación sen respectar as condicións establecidas nas bases (base 14.7)

2.- “Follaxe”, “Port@ Artabr@”, “Amodiño”, “Ballestrinque”, “Pentagrama”, “Futuros Posibles”: Algún dos paneis ten 4 ou máis megabytes, excedendo dos 3 Mb establecidos na base 14.6.1.3 *“para os efectos da súa subida á plataforma web municipal, cada un dos paneis poderá ter un tamaño máximo de tres megabytes (3 Mb)”*.

O xurado co voto **en contra** dos vogais D. Antonio Maroño Cal, D. Roberto Costas Pérez e D. Xosé Lois Martínez Suárez (**3**), a **abstención** do Presidente D. Xulio Ferreiro Baamonde e dos vogais D^a Lorena Solana Barjacoba, D^a Carlota Pita Pita, D. Xiao Varela Gómez, D^a. Isabel Aguirre de Urcola, D. Manuel Casteleiro Maldonado e D. Fernando Agrasar Quiroga (**7**), e co voto **a favor** dos demais membros do xurado presentes (**11**), **acorda excluir** as propostas por achegar a documentación sen respectar as condicións establecidas nas bases (base 14.7)

3.- “Redeiras”, “Nósfíos” e “Porsuporto”: Ao ter un exceso en un só panel en torno aos 100 kb propónse que o xurado valore se esa diferenza está dentro da marxe de erro técnico imprevisible segundo as distintas versións de Acrobat utilizadas, tal e como se ten defendido ao longo do debate por algúns vogais técnicos.



O xurado co voto da unanimidade dos membros presentes acorda admitir as tres propostas polos motivos expostos.

Tralas votacións referidas o resultado das propostas admitidas e excluídas é o seguinte:

Nº ORDE	LEMA	MEMORIA	PANEL 1	PANEL 2	PANEL 3	RESUMO EXECUT.	AD/ EXC	MOT. EXC.
1	“Ciudad Puerto”	27 Páxinas	2775 kb	2358 kb	2776 kb	-3000 crtrs.	AD	
2	“Porto Metropolitano”.	40 Páxinas	2430 kb	2747 kb	2088 kb	-3000 crtrs.	AD	
3	“Redeiras”	12 Páxinas	3172 kb	1366 kb	1996 kb	-3000 crtrs.	AD	
4	Port@ Artabr@	18 Páxinas	21180 kb	11227 kb	50479 kb	-3000 crtrs.	EXC	14.7 b
5	“Amodiño”	40 Páxinas	13788 kb	20367 kb	28995 kb	-3000 crtrs.	EXC	14.7 b
6	“Growing Together”	27 Páxinas	2730 kb	1008 kb	2562 kb	-3000 crtrs.	AD	
7	“Agora Mar”	26 Páxinas	2950 kb	2193 kb	2145 kb	14947 caracts.	EXC	14.7 b
8	“Nosfios”	24 Páxinas	3082 kb	2619 kb	1932 kb	-3000 crtrs.	AD	
9	“Acoruneno”	5 Páxinas	3890 kb	2609 kb	Non presenta	Non presenta	EXC	14.7 b
10	“Porsuporto”	25 Páxinas	3068 kb	3209 kb	3011 kb	-3000 crtrs.	AD	
11	“1208/2018”	18 Páxinas	684 kb	2064 kb	2454 kb	-3000 crtrs.	AD	
12	“Barrio 12”	12 Páxinas	2945 kb	Non presenta	Non presenta	-3000 crtrs.	AD	
13	“Ballestrinque”	34 Páxinas	4597 kb	4307 kb	4167 kb	-3000 crtrs.	EXC	14.7 b
14	“Sou”	17 Páxinas	2597 kb	2688 kb	Non presenta	-3000 crtrs.	AD	
15	“Follaxe”	16 Páxinas	6326 kb	16866 kb	24394 kb	-3000 crtrs.	EXC	14.7 b
16	Sen Lema/ ”Pentagrama” (identificado no correo electrónico)	34 Páxinas	12060 kb	8182 kb	Non presenta	-3000 crtrs.	EXC	14.7 b
17	Sen Lema/ ”Futuros posibles” (identificado no correo electrónico)	40 Páxinas	6557 kb	7602 kb	10352 kb	-3000 crtrs.	EXC	14.7 b



Inxírese a continuación o voto particular feito chegar a esta secretaría polo sr. Maroño Cal o 25 de novembro de 2018:

"Consonte co manifestado na xuntanza de constitución do xurado, veño polo presente en formular un voto particular explicando a miña votación en contra da decisión de inadmitir as plicas que, presentadas en prazo e contando con toda a documentación esixible (según a cláusula 14.6) resultan, no concreto aspecto da documentación gráfica requirida (cláusula 14.6.1.3) no meu entendemento das bases, da súa formulación escrita e do sentido das condicións que no subapartado correspondente debe cumprir cada oferta, perfectamente válidas.

*É así que se fixan as condicións de contido da documentación gráfica dun " máximo de tres (3) paneis en formato Din-A0 ", un deseño que inclúa diagramas funcionais de circulación e de fluxos, expresado gráficamente **a escala**. Toda esta cláusula fixa as condicións de definición de paneis dun tamaño determinado, físico, e ata unha esixencia de escala para facer "comprobacións métricas", o que resulta lóxico en analoxía co formato elixido, dun concurso de ideas.*

*Entendo, e pretendo quede patente e conste en acta por este medio, que a mención final do clausulado precitado, tras expresarse en cinco parágrafos -sinalados coas letras da a) á e)-, de que "os efectos da súa subida á plataforma web municipal " se fixe un tamaño máximo de arquivo de 3 Mb é **únicamente** unha expresión utilitaria, accesoria e que non ten relación algunha cun formato de expresión gráfica sinalado pra ser examinado e valorado CON UN TAMAÑO DETERMINADO, o de Din A0.*

Por todo o antedito, voto firme e formalmente en contra da exclusión das propostas que presentaron paneis reproducibles en formato Din A0, según do esixido nas bases."

Emprázanse a reunión o vindeiro 30 de novembro ás 17:30 horas neste mesmo Salón Dourado ao fin de desenvolver a 1ª e 2ª rolda prevista na base 10.2 das que rexen o concurso.

O secretario do xurado manifesta que da presente reunión se levantará acta segundo o artigo 18 da Lei40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, da que se dará traslado aos membros do xurado, indicando que unha vez elaborada será remitida por correo electrónico a todos os membros, quenes poderán polo mesmo medio amosar a súa conformidade ou reparos ao texto a efectos da súa aprobación, "*considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión*", en caso contrario se someterá a votación cos reparos formulados na seguinte reunión.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 20:36 horas, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia como secretario do xurado, co visto e prace do Presidente do xurado, segundo o previsto no artigo 18.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público que asinamos electronicamente na Coruña, na data de



sinatura que consta no documento electrónico, unha vez aprobada en reunión do xurado do 30 de novembro de 2018.